

PLASTIC MONSTERS



Apreciadas familias:

Como ben saberedes este curso estamos dándolle unha gran importancia á concienciación ambiental do noso alumnado a través do traballo sobre as 5R da reciclaxe, o cambio climático e o abuso no consumo de plásticos dun só uso.

Por elo desde a biblioteca pedimos a vosa colaboración para realizar unha actividade de concienciación sobre o abandono de residuos plásticos na contorna natural. Para ver así como os actos humanos repercuten directamente sobre o entorno. A idea xorde dunha campaña global de Greenpeace "no alimentos al monstruo de plástico", dirixida contra Nestle e outros grandes produtores de envases.

Esta ONG propón que os usuari@s creen os seus propios monstruos de plástico en instagram para xerar un zumbido que presione aos líderes corporativos para que reduzan os envases de plástico de un só uso no mercado.

Desde o Cra queremos sumarnos a esta iniciativa coa vosa colaboración. Para elo que tes que facer?:

- ⇒ Busca en internet unha foto dun residuo plástico abandonado. Imprímea ou gárdaa nun documento para editala posteriormente (Debido ao confinamento cambiamos a proposta de buscalo na contorna por buscalo en internet)
- ⇒ Convirte o residuo da foto nun monstruo. Emprega alguna ferramenta dixital se tes a imaxe nun documento, ou transformao manualmente con materiais de refugallo que teñas na casa: cartolinas, papeis, ceras, teas... (dixitalmente ou imprimindo e logo transformándoo manualmente)
- ⇒ Imprime o teu plasticmonster a tamaño A4 e sácalle unha foto.
- ⇒ unha vez que o teñas creado ponlle un nome.
- ⇒ Escribe cales son os seus terribles poderes.



**Aquí tes algúns
monstruosos
exemplos
elaborados
dixitalmente.**

